



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

## TEXTO DEFINITIVO

# REGULAMENTO DOS PAVILLÓNS E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

## XENERALIDADES

### OBXECTO:

Art. 1º.- Dacordo coas facultades que a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local lle confire ó Concello establece o presente regulamento das Instalacións deportivas Municipais, que regulará o desenrolo das actividades deportivas que se levan a cabo nos mesmos.

Art. 2º.- Á data de aprobación do presente Regulamento as instalacións deportivas de titularidade municipal:

- \* Pavillóns cubertos
- \* Campos de fútbol.

Os inmobles nos que se sitúan as instalacións deportivas municipais son bens de dominio público e como tal figurarán inscritas no Inventario de Bens Municipal


Así mesmo, salvo aprobación en contrario, rexeranse polo presente regulamento as instalacións deportivas de titularidade municipal que se poñan en funcionamento no futuro.

Art. 3º.- As instalacións indicadas serán xestionadas directamente pola Corporación, sen órgano especial de administración.

Art 4º.- As instalacións deportivas municipais destinaráanse principalmente para a práctica de toda clase de actividades deportivas, competición e espectáculo de natureza deportiva ou de ocio que se axusten ás características das instalacións, sen perxuízo de utilizalas en determinados momentos para realizar outras manifestacións artísticas, culturais, sociais ou actos de relevancia para a comunidade local e sempre que se considere que non suponga causar danos ás instalacións.

Segundo o disposto no artigo anterior as instalacións deportivas municipais poderán utilizarse para os seguintes actos:

- Actividades, espectáculos e competicións deportivas de calquera deporte oficialmente recoñecido como tal, sempre que a súa práctica sexa axeitada ás características da instalación.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

- Reunions de carácter exclusivamente artístico ou cultural, así como tamén festivas que poida autorizar a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local por delegación para cada caso, sempre que se considere que non causarán danos ás instalacións.
- Actos públicos non incluídos en ningún dos apartados anteriores e que legalmente se poidan autorizar e sexan compatible coa características das instalacións.

A Alcaldía ou Xunta de Goberno Local atendendo ás circunstancias que así o aconsellen, tendo en conta os artigos anteriores, en función da actividade para a que se pretenda utilizar e sempre que considere que poida causar danos ás instalacións, resérvase o dereito de prohibir a celebración de calquera reunión ou manifestación, mediante comunicación previas ós interesados.

#### COMPETENCIAS E FUNCIONS:

Art. 5º.- Competencia para a autorización de actos non deportivos.- A Alcaldía ou Xunta de Goberno por delegación son os órganos competentes para autorizar ou denegar as autorizacións dos Pavillóns Deportivos e demais instalacións deportivas municipais recollidas no apartado 3 do artigo anterior.

Art. 6º.- Competencias do Pleno da Corporación.-

Corresponderalle ó Pleno da Corporación o exercicio das seguintes facultades:

- Aprobación, modificación e derogación do presente regulamento.
- Aprobación das directrices xerais de utilización das instalacións deportivas, a proposta da Comisión informativa correspondente.
- A aprobación dos convenios coas asociacións e entidades deportivas sobre a utilización das instalacións.
- Fixar as taxas pola utilización das instalacións.

Art. 7º.- A Alcaldía ou Concelleiro delegado correspondente son o órgano competente para aprobar ou denegar as autorizacións de utilización das instalacións deportivas recollidas nos apartados 1 e 2 do artigo 4º do presente regulamento.

Art. 8º.- Ós encargados das instalacións deportivas corresponderálle:

- Custodiar os inmobles, as súas instalacións e elementos integrantes.
- Velas pola boa orde, limpeza e uso axeitado das instalacións.
- Abrir e pechar as instalacións e manter a orde dentro das mesmas durante a celebración das actuacións.
- Realizar labores de mantemento, conservación e vixilancia das instalacións e arranxo de pequenas avarías ou desperfectos que se originen.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

- Manter actualizado o inventario de mobles, materiais e equipamentos das instalacións.
- Elaborar o horario de utilización das instalacións consonte ás instruccións da Alcaldía ou do Concelleiro delegado correspondente.
- Resolver as incidencias que se produzan na preparación de desenvolvemento das actividades das instalacións.
- Manter continuamente informado á Alcaldía e ó Concelleiro delegado de deportes das incidencias que se rexistren, dos danos que se produzan ou das infraccións que se cometan nas instalacións e de todo aquilo que ocorra nas instalacións e que poida ter algunha relevancia.
- Cumplir as ordes e instruccións do concelleiro delegado e da Alcaldía, no ámbito das súas funcións.

Art. 8º.- Dereitos e obrigas dos usuarios:

Dereitos:

- Tódolos cidadáns teñen dereito a acceder e usar as instalacións deportivas en condicións de igualdade, con suxección ós principios de convivencia, ás normas que contén o presente regulamento e ás instruccións que na súa execución dicten as autoridades municipais e o persoal municipal encargados da xestión do servizo.
- O dereito de uso tamén se axustará ás condicións da autorización municipal o ós horarios aprobados regulamentariamente.

Obrigas:

- Os usuarios teñen a obriga de colaborar no mantemento das debidas condicións de limpeza e hixiene das instalacións e deben respectar as normas sobre o uso axeitado do equipamento e mobles das instalacións deportivas.
- As avarías, danos ou perdas que se xeren no material ou nas instalacións coma consecuencia da desaxeitada ou negligente utilización darán lugar á responsabilidade por parte do seu autor ou autores, que lles será esixida polo Concello de conformidade co procedemento legal e regulamentariamente establecido, todo elo sen perxuízo da sanción administrativa que proceda.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

No caso de que non se teña coñecemento certo do causante do dano, será responsable a persoa que teña formulado a solicitude de autorización de USO.

Art. 9º.- Prohibicións:

Non se autoriza a entrada de animais nos recintos e instalacións deportivas. Exceptúanse desta prohibición os cans- guía, sempre que vaian debidamente identificados, estean a realizar o seu labor e cumpran as condicións de hixiene e salubridade, consonte dispón a Lei 10/1993 de 8 de outubro reguladora do acceso ó entorno das persoas con diminución visual acompañadas de cans guía.

Está prohibido o consumo de calquera tipo de bebida ou de comidas nas pistas e vestiarios das instalacións deportivas.

Non se permitirá tirar obxectos ou desperdicios nas pistas e instalacións deportivas.

Tamén está prohibido fumar en calquera das dependencias das instalacións deportivas (agás nas instalacións que sexa ó aire libre).

Art. 10º.- É obrigatoria a utilización de vestimenta deportiva para os entrenamento ou práctica de actividades desa natureza nas instalacións deportivas; en especial non se permitirá o acceso ás pistas sen o calzado axeitado.

No caso de incumprimento das normas perderase a autorización de uso concedida.

Autorizacións e horarios:


Art. 11º.- O horario para o que se poderá solicitar a autorización de uso dos Pavillóns municipais será:

\* De luns a venres de 17:00 a 23:00 horas.

No caso de solicitarse para outros días ou horario a concesión ou non da autorización quedará supeditada á disponibilidad de persoal adecuado para abrir e pechar as instalacións.

Art. 12º.-

**As solicitudes** de utilización das instalacións realizaránse por escrito nas oficinas municipais mediante instancia que se lles facilitará ó efecto e na mesma indicaráse,



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

como mínimo, o nome do solicitante, D.N.I., dirección e teléfono de contacto e os datos dos días e horarios para os que solicita a instalación e uso que se lle pretende dar, así como os datos das persoas que participarán na actividade.

As solicitudes de uso, como norma xeral, formularáanse cunha antelación mínima de 10 días.- A concesión da mesma comunicaráse por escrito ó peticionario no domicilio indicado na solicitude, sen perxuízo de que se comunique tamén vía telefónica.

No caso de non producirse contestación por escrito antes da data solicitada para o uso da instalación entenderáse denegada a solicitude formulada.

Art. 13.- As autorizacións concederáanse por **horas** e terán unha duración máxima de tres meses, debendo renovarse unha vez transcorrido dito prazo.


No caso de concederse autorización para a celebración de **partidos de competicións oficiais** a autorización extenderáse á toda a temporada.-

**Art. 14-** O uso das instalacións deportivas organizaráanse e concederáanse as autorización seguíndo o seguinte orde de preferencia:

- 1º.- Actividades organizadas polo propio Concello de Ribadumia.
- 2º.- Autorización de uso para Clubs deportivos federados do Concello.
- 3º.- Autorización de uso para Asociacións do Concello de Ribadumia.
- 4º.- Autorización de uso para Clubs non federados do Concello de Ribadumia.
- 5º.- Autorización de uso para particulares veciños do Concello de Ribadumia.
- 6º.- Autorización de uso para Asociacións non rexistradas no Concello.

O Concello concederá as autorizacións de uso en función de dito orde de preferencia, deixando libre de concesión de uso periódicas un día á semana a fin de que se poidan conceder autorizacións de uso a particulares, para actividades puntuais, e que o soliciten na víspera mediante solicitude por teléfono ou fax.

Para as solicitudes de autorización para uso colectivo, no caso de coincidencia de máis dunha solicitude para o mesmo día e hora, as autorizacións concederáanse tendo en conta o número de veciños empadroados en Ribadumia,



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

dándose preferencia á que vaxa participar na actividade un maior número de veciños deste Concello.

**Art. 15-** O Concello poderá modificar ou suspender, previa xustificación correspondente, o día e hora concedida para a utilización das instalacións.

**Art. 16.-** O usuario que, por causa xustificada, non vaia facer uso da instalación, téndose concedida, avisará con 48 h de antelación ó encargado das instalacións para que poida dispoñer a súa utilización;

No caso de avisar da non utilización cun tempo inferior ás 48 horas perderase a taxa abonada para ese día, no seu caso.

**Art. 17 .-** *Se non se fae uso da instalación sen previo aviso perderase a autorización que teñan concedida*

A non utilización das instalacións que se teñan concedidas levará consigo:


- A non utilización das instalacións deportivas por dúas veces consecutivas e tres descontinuas, sen aviso, dará lugar á perda de utilización durante o período concedido.

**Art. 18.-** Non se permite a cesión do uso das instalacións a terceiros, agás autorización expresa do responsable das instalacións, previa autorización da Alcaldía ou Concelleiro delegado.

**Art. 19.-** Os accidentes, lesións e responsabilidades que se ocasionen cando as instalacións estean cedidas a outros usuarios, particulares ou entidades, serán responsabilidade da persoa física ou xurídica que solicitou a cesión da instalación.-  
O Concello non se fará cargo dos danos en obxectos ou lesións persoais dos usuarios.

**Art. 20.-** Mantemento e conservación:

As instalacións deportivas conservaranse en condicións axeitadas de seguridade, salubridade e ornato público.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Calquera anomalía ou desperfecto que se observe ou se produza coma consecuencia da práctica anormal das actividades, comunicarase ós encargados das instalacións.

Os organizadores de cada actividade ou competición serán os responsables das accións ou omisións dos participantes que causen dano ás instalacións, durante o exercicio das actividades e faranse cargo dos gastos que xere o desperfecto.

O Concello non se fará responsable, en ningún caso, dos obxectos depositados no interior dos vestiarios e armarios.

Os encargados das instalacións poderanas pechar por razóns de seguridade e climatolóxicas e cando se produzan circunstancias que poidan ocasionar danos ás persoas ou instalacións *polo mal uso das instalacións.*

**Art. 21.- Infraccións e sancións:**

A Alcaldía, ou por delegación a Xunta de Goberno Local, sancionará, previa audiencia ós interesados, a aqueles usuarios que infriñan as normas contidas neste regulamento que perturben ou alteren a orde pública, que causen danos nas instalacións ou que, de palabra ou obra, lles faltos ó respecto a outros usuarios.


As sancións consistirán en amonestación pública e/o multa por unha contía, en función dos danos ocasionados, e cando se trate de infraccións de carácter grave poderase prohibir o acceso ás instalacións por un período que irá dun mes a un ano, todo elo sen perxuízo da esixencia de responsabilidades civís ou de outra natureza que procedan.

A potestade sancionadora exercerase mediante o procedemento establecido na lexislación reguladora da potestade sancionadora vixente.

Para graduar a contía da sanción atenderáse á gravidade da infracción, á culpabilidade do autor, á entidade dos perxuízos que se deriven para o Concello ou para terceiros e á reiteración por parte do responsable.

**Disposición Adicional.-**

No non previsto no presente regulamento rexirá a lexislación de réxime local.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Disposición final:

O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e estará en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

**DILIXENCIA.-** O presente **Regulamento de uso das Instalacións Deportivas Municipais**, resultou aprobado polo Pleno Municipal en sesión de 6 de novembro de 2008, publicándose o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia nº 250 de 29 de decembro de 2.008, entrando en vigor a partires do 1 de xaneiro de 2.099 e manterase en vigor ata que se adopte acordo da súa modificación ou derogación expresa.-

Ribadumia, 30 de decembro de 2008  
A Secretaria,